


## FORMAS DE ORGANIZACIÓN POLÍTICA E ECONÓMICA NO MUNDO



"Política 2bi" (Flavia Moreschi CCBY-SA 4.0)



# ÍNDICE

---

## FORMAS DE ORGANIZACIÓN POLÍTICA E ECONÓMICA NO MUNDO

1. CONCEPTO E TRAZOS DE ESTADO, RÉXIME POLÍTICO E NACIÓN.....	1
<i>Exercicios</i> .....	2
2. DIFERENTES MODELOS DE ESTADO SEGUNDO O CRITERIO EMPREGADO.....	3
2.1 Modelos de Estado segundo o réxime político: democráticos e non democráticos.....	3
2.1.1 Réximes democráticos.....	3
2.1.2 Réximes non democráticos.....	4
2.2 Modelos de Estado segundo a forma de goberno: monarquía e república.....	4
2.3 Modelos de Estado segundo a organización territorial: unitario e federal.....	5
<i>Exercicios</i> .....	6
3. O CAPITALISMO COMO SISTEMA ECONÓMICO MUNDIAL.....	7
<i>Exercicios</i> .....	8
SOLUCIÓN.....	9



## 1. CONCEPTO E TRAZOS DE ESTADO, RÉXIME POLÍTICO E NACIÓN

---

Un **Estado** é unha **entidade política que se encarga de regular a vida en sociedade** e que se caracteriza polos seguintes elementos esenciais:

- Un **territorio**, é dicir, o espazo xeográfico onde se atopa o Estado.
- Unha **poboación**, formada polas persoas que viven nese territorio, que pode abranguer diferentes linguas e culturas, posto que cada vez asistimos a unha maior diversidade sociocultural na poboación.
- Uns **órganos de goberno**, que inclúen as institucións necesarias para que o Estado exerza a súa soberanía.

Ademais, o Estado debería ser visto en todos os casos como unha organización que, a través dunha serie de leis e normas, non só regula a convivencia, senón que tamén protexe os dereitos das persoas e busca o benestar dos seus cidadáns.

Por outra banda, os Estados pódense clasificar en función de diferentes criterios:

- **O réxime político.** O Estado pode ser unha *democracia* ou —dentro dos réximes non democráticos— unha *ditadura* ou un *totalitarismo*.
- **A forma de goberno.** Dende o punto de vista de quen e como exerce a xefatura de Estado, diferéncianse *monarquía* e *república*.
- **A organización territorial.** Segundo como se organice a gobernabilidade do territorio, distínguense dous modelos: o Estados unitarios e o Estados federais.

O concepto de **réxime político** é de especial relevancia, xa que alude á **forma en que se organiza e exerce o poder nun Estado** e establece, por tanto, como se relacionan os cidadáns co seu goberno. Un réxime político é crucial para o desenvolvemento de aspectos como os dereitos humanos ou a economía, polo que é fundamental que os cidadáns traten de participar activamente da vida política.

Outro concepto importante é o de nación, xa que cómpre diferenciarlo do concepto de Estado: o Estado é un concepto claramente político, mentres que o de nación remite máis aos aspectos culturais e sociais que unen as persoas.

Unha **nación** é unha comunidade de individuos que comparten unha serie de trazos como a cultura, a lingua e a historia, e cuxas fronteiras non teñen porque coincidir coas dun Estado.



As nacións adoitan ter:

- Unha cultura común a través duns costumes, tradicións e valores compartidos polos seus membros (pode incluír festividades, música, arte, gastronomía...).
- Unha lingua común.
- Unha historia común, que pode incluír unha serie de eventos importantes ou loitas pola súa independencia.
- Un sentimento de pertenza a unha comunidade.



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 1

Cal é a diferenza entre réxime político e Estado?

### Exercicio 2

Pensa en dous casos en que as fronteiras dun Estado non coinciden coas dunha nación.

## 2. DIFERENTES MODELOS DE ESTADO SEGUNDO O CRITERIO EMPREGADO

### 2.1 Modelos de Estado segundo o réxime político: democráticos e non democráticos

#### 2.1.1 Réximes democráticos

*Democracia* é unha palabra de orixe grega que significa "gobierno do pobo". A orixe deste modelo de Estado atopámolo na Grecia clásica, pero o sistema actual é o resultado da evolución experimentada a partir dos cambios introducidos pola Revolución Francesa de 1789. Hoxe en día é a forma de goberno máis habitual dos países desenvolvidos.

Cómpre non confundir democracia cun sistema de goberno en concreto, xa que non indica cal é o máis axeitado, salvo que se trate dunha ditadura.

Un réxime democrático está baseado:

- **Na participación política dos cidadáns e cidadás:** concretada a través do sufraxio universal, que inclúe a todos os homes e as mulleres maiores de idade, na existencia dunha pluralidade política e na celebración dunhas eleccións libres, imparciais e periódicas, que poden ser de diferentes tipos: nacionais, municipais ou territoriais, europeas e referendos. Así mesmo, o voto debe ser libre, directo e secreto, como no caso do Estado español.
- 
- "Eleccións federais en México de 2012"*  
(ProtoplasmaKid CC-BY-SA 4.0)
- **No recoñecemento dunha serie dereitos e liberdades individuais,** entre os que destacan: a igualdade ante a lei, a liberdade de pensamento, de opinión, relixiosa, de reunión, o dereito ao traballo, a un salario digno, á atención sanitaria, á educación, a unha xustiza imparcial e independente, a contar con recursos xurídicos axeitados...
  - **Na separación de poderes,** defendida polo pensador ilustrado Montesquieu e oficializada coas reformas lexislativas levadas a cabo durante a Revolución Francesa. O poder político debe estar separado en tres áreas diferenciadas: **poder lexislativo, executivo e xudicial.**
  - **Na presenza dunha Constitución,** a lei básica que regula todo o ordenamento xurídico do Estado, de cumprimento obrigado para todos os individuos e poderes públicos e contraria á cal non pode ser ningunha lei.

O **Estado de dereito** é aquel en que **a lei**, froito da acción dos lexítimos representantes da comunidade, está **por riba de todos os individuos, grupos e institucións**, sen que poida existir ningún poder que non estea controlado por ela. Así mesmo, debe haber un control de todos os organismos, cargos e institucións do Estado.

No século XXI, os réximes democráticos enfróntanse a diferentes retos como: a polarización da política, coa opinión pública dividida en dous extremos opostos; os discursos de odio, a desinformación, a perda de credibilidade política e das institucións, a restrición de liberdades; mesmo nalgúns países deteriorouse a calidade da democracia, debido á ausencia de respecto de diferentes dereitos fundamentais, á corrupción ou aos procesos electorais de dubidosa credibilidade.

### 2.1.2 Réximes non democráticos

Son aqueles en que o poder é exercido por unha persoa ou institución, independentemente da aprobación dos gobernados. Están caracterizados porque non existe división de poderes, non se dá un control real do Goberno, aínda que exista formalmente un parlamento, non se recoñecen moitos dos dereitos individuais, non hai pluralidade política e o Goberno exerce en beneficio da minoría que apoia o goberno. Dentro dos réximes non democráticos diferéncianse dúas tipoloxías:

- **Ditadura**, na cal un ditador ou grupo reducido goberna de forma autoritaria e despótica, despois de acadar o poder a través dun golpe de Estado —que é a toma ilegal do poder a través dun acto de forza—. Nas ditaduras só existe un partido legalizado e o exército constitúe o principal apoio. Non obstante, poden variar no seu grao de control na vida dos cidadáns. É o caso do *franquismo*.
- **Totalitarismo**, que é un concepto máis extremo que dá conta dun Estado que controla todos os aspectos da vida dos cidadáns, incluídas as actividades económicas ou a educación, e destaca pola presenza dun gran partido de masas e unha doutrina ideolóxica que o apoia. Existen dous tipos de totalitarismos diametralmente opostos: os fascismos e as democracias populares.

## 2.2 Modelos de Estado segundo a forma de goberno: monarquía e república

**As monarquías**, nas cales o xefe do Estado é un individuo que exerce esa función con carácter vitalicio, e que normalmente se denomina como *rei* ou *raíña*. O máis habitual é acceder ao trono herdando o cargo como acontece coa monarquía española, pero tamén existen monarquías electivas —unicamente vixentes nos países de Oriente Medio—, nas cales un Consello elixe o cargo entre un número de persoas. Segundo as limitacións ao poder do monarca, distínguense:

- **Monarquía absoluta**. O monarca concentra todos os poderes sen limitacións. Característica do Antigo Réxime, dos Emiratos Árabes Unidos e de Arabia Saudita.
- **Monarquía constitucional**. O poder do monarca aparece limitado por unha Constitución, que tamén lle concede parte do poder executivo e lexislativo. A máis habitual no século XIX en Europa. É o caso de Barén.

- **Monarquía parlamentaria.** De carácter simbólico e compatible coa democracia. O poder do monarca está limitado polo Parlamento e pola Constitución. O monarca reina, pero non goberna. É o caso de España e o típico das monarquías europeas.




"Coroa real española"  
(Miguillen CCBY-SA 4.0)

**As repúblicas**, nas cales a xefatura de Estado e a Presidencia son elixidas polo corpo electoral para desenvolver o cargo durante un período de tempo. Distínguense entre:

- **Repúblicas democráticas**, que amosan dúas tipoloxías:
  - *Repúblicas parlamentarias*, nas cales os cargos de presidente e de xefe do Estado son exercidos por diferentes persoas, e o xefe de Estado, que exerce funcións representativas, tamén podería, chegado o caso, disolver o Parlamento e convocar eleccións anticipadamente. É o caso de Alemaña ou Italia.
  - *Repúblicas presidencialistas*, nas cales o xefe do Estado é tamén o presidente do goberno, pero dáse unha separación rixida entre o Parlamento e o Goberno e un non pode intervir nas decisións do outro. É o caso dos EE.UU.
- **Repúblicas non democráticas**, nas cales está ao fronte un ditador que intenta manterse no poder de forma vitalicia. É o caso de Corea do Norte.

### 2.3 Modelos de Estado segundo a organización territorial: unitario e federal

- **Estado unitario**, no cal hai un único poder soberano con capacidade lexislativa e de dirixir a política; todas as institucións políticas derivan e dependen dun único poder estatal, aínda que nel se ven dúas tipoloxías:
  - *Estados centralizados*, nos cales as decisións emanan dun único poder central, como é o caso de Francia.
  - *Estados descentralizados*, nos cales as institucións territoriais teñen competencia para decidir sobre determinadas cuestións. Sería o caso do noso Estado autonómico.
- **Estado federal**, que é o composto por entidades políticas soberanas con leis propias e cun alto grao de autonomía pero que ceden unha serie de competencias a un Goberno central. É o caso dos EE.UU.



"USA-US Capitol" (Ingfbruno  
CCBY-SA 3.0)



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 3

Como é a vía da participación política dos cidadáns e cidadás nunha democracia como a española?

### Exercicio 4

Cal é a diferenza entre unha monarquía parlamentaria e unha monarquía constitucional?

### Exercicio 5

Explica brevemente o modelo de Estado dos EE.UU. dende o punto de vista da organización do territorio.

### 3. O CAPITALISMO COMO SISTEMA ECONÓMICO MUNDIAL

O **capitalismo** ou a economía de mercado é un **modo de organización económica que defende que o capital estea en posesión de propietarios privados** e que o empresario poida mercar, vender e facer negocios libremente, buscando o maior beneficio económico.

Os principais trazos do capitalismo serían os seguintes:

- O factor clave é o **capital** como conxunto de bens (terras, edificios, fábricas, materias primas, mercadorías, diñeiro...) e o obxectivo é acumular cantos máis mellor, tanto por parte das empresas como dos individuos, para o enriquecemento propio.
- A **propiedade privada** dos medios de produción e bens producidos está garantida por lei; tanto os individuos como as empresas teñen o dereito de posuír e controlar propiedades e recursos.
- **A procura do máximo beneficio** por parte do empresario, que tenta vender máis e reducir os custos para obter beneficios.
- **A liberdade de mercado** fai posible que a produción e a demanda veñan determinadas pola Lei da oferta e da demanda, nun mercado que fixa os prezos de cada un dos produtos ou servizos.
- **A libre competencia** entre as empresas, xa que promove a innovación, a mellora, a eficiencia e pode conducir a unha maior diversidade de produtos e prezos máis axustados.
- **A iniciativa individual**, xa que os individuos poden poñer negocios en marcha, ofertar servizos e crear produtos.
- **O traballo** enténdese como unha **mercadoría** e o **salario dos traballadores** estará condicionado pola situación do mercado e a súa cualificación.
- **A riqueza individual como criterio organizador** da sociedade en clases.
- **A intervención limitada do Estado na economía.**
- O **capitalismo** como sistema económico **xerador de desigualdades sociais** entre individuos ou grupos, ou mesmo de desigualdades territoriais entre países.

Actualmente, o capitalismo é o sistema vixente na maioría dos países, polo que podemos falar dun **capitalismo á escala mundial**, aínda que este foi evolucionando dende o capitalismo clásico, deseñado por economistas como Adam Smith e vixente nos séculos XVIII, XIX e a primeira metade do XX, que se caracterizaba porque a intervención do Estado na economía debía estar reducida á mínima expresión e a economía debía basearse na iniciativa privada; ata o **capitalismo actual**, que constitúe un **sistema mixto**, que acepta a



Elaboración propia



propiedade privada da maior parte dos medios de produción con certa intervención governamental.

No sistema de capitalismo mixto inclúese o chamado *capitalismo de benestar*, que busca equilibrar a libre economía de mercado con políticas sociais por parte dos Estados que deriven no beneficio de todos, xa que a pesar de que o capitalismo pode xerar riqueza, axudando ás economías a medrar e innovar, tamén tende a ser o causante de desigualdades na distribución da riqueza e dos ingresos, cando o mercado e o libre xogo dos intereses privados non repercute no interese colectivo.

Por outro lado, o capitalismo experimenta ciclos económicos de expansión e recesión, alternando períodos de expansión económica con outros de crise económica; precisamente, as diferentes crises económicas mundiais, como a crise do petróleo de 1973, a de 2008, iniciada no sistema financeiro norteamericano, ou a da pandemia da covid-19 de 2020, obrigaron os gobernos a adoptar diferentes medidas de intervención na economía.

En suma, na actualidade, o capitalismo semella estar dominado polo *neoliberalismo*, tendencia que pretende diminuír o papel do Estado nos asuntos económicos no marco da economía xeral do século XXI, con actividades como a privatización de empresas públicas, os contratos temporais, a deslocalización das empresas na busca dos máximos beneficios, etc...

## EXERCICIOS

---

### Exercicio 6

Define o capitalismo.

### Exercicio 7

Cal é a tendencia actual dentro do capitalismo?



## SOLUCIÓNS

---

### Exercicio 1

Un Estado é unha entidade política que consta dos seguintes elementos fundamentais: unha poboación, un territorio e uns órganos de goberno para que o Estado exerza a súa soberanía. Porén, un réxime político é a forma en que se organiza e exerce o poder nun Estado.

### Exercicio 2

- Un Estado que inclúe no seu territorio varias nacións.
- Unha nación que se estende por un territorio que xurídica e politicamente pertence a diferentes Estados.

### Exercicio 3

A través dunhas eleccións por sufraxio universal masculino e feminino para maiores de 18 anos, libres, imparciais e periódicas para elixir os gobernantes.

### Exercicio 4

Nunha *monarquía constitucional*, o monarca ten as súas atribucións limitadas por unha Constitución, pero esta concédelle poder lexislativo e executivo; mentres que nunha *monarquía parlamentaria*, o monarca está claramente limitado polo Parlamento e considérase que reina, pero non goberna.

### Exercicio 5

Os EE.UU. correspóndense cun modelo de Estado federal, no cal unha serie de entidades políticas soberanas chamadas Estados figuran asociadas para formar un Estado que respecta o seu autogoberno, pero que, pola súa vez, dependen dun Goberno central ao que lle ceden determinadas competencias do conxunto do Estado.

### Exercicio 6

O *capitalismo* é un sistema económico que defende o papel do capital, en posesión de propietarios privados, e que o mercado sexa o que regule as relacións económicas. O principal obxectivo do sistema é a procura do máximo beneficio nas actividades económicas.

### Exercicio 7

A tendencia actual no capitalismo semella consistir nunha diminución do papel do Estado na economía do século XXI, marcada polo *neoliberalismo*, é dicir, a privatización de empresas públicas, a deslocalización das empresas na busca dos máximos beneficios, etc...